



BOLETÍN *marro*

tod@ nen@ merece unha familia... en dúas

últimas novas

Andaina dos cans do Refuxio con ACOUGO e mozos do centro de menores.

Como parte dos nosos compromisos ca sociedade para proporcionar momentos de ledicia, tanto ás persoas coma os animais que están aloxados baixo o noso coidado.

Mascuidados.com

Rego aborda con a fiscal de Menores aspectos dun decreto que prepara o Ministerio para mellorar o sistema de acollida.

A ministra de Xuventude e Infancia, Sira Rego, mantivo este xoves unha reunión con a fiscal da Sala Coordinadora de Menores da ffiscalía Xeral do Estado, Teresa Gisbert, "para seguir abordando os traballos no marco integral de protección de nenos, nenas e adolescentes e a mocidade ante as violencias" e na que abordanse tamén "aspectos vinculados" a un decreto que prepara o Ministerio para mellorar o sistema de acollida e as condicións dos traballadores.

EuropaPress

A Xunta traslada ao Goberno que xa acolle a 273 menores migrantes.

A Consellería de Política Social detalla ao Executivo que esos espazos estan ao 108% de ocupación.

As comunidades autónomas teñen que comunicar ao Goberno antes deste Luns 31 de marzo o numero de menores migrantes non acompañados en acollida actualmente. A Xunta o trasladou esta mesma tarde, explicando ao Executivo que agora conta con 273 menores extranxeiros nalgunha de súas prazas.

LaVozdeGalicia



O noso traballo

Centro de protección ≠ Centro de reeducación de “menores” en conflicto social

Menores: Nenos, nenas e adolescentes NNA

A importancia de estar ben informados

Nun tempo onde a información se propaga rapidamente, é fundamental distinguir entre datos veraces e interpretacións erróneas que poden xerar confusión e prexuizos. O recente asesinato dunha educadora social en Badajoz foi tratado en numerosos medios coma se o agresor fose unha persoa menor dun centro de protección, cando en realidade procedía dun centro de reeducación.

Segundo a Lei Orgánica 1/1996, modificada polas Leis 8/2015 e 26/2015, os centros de protección acollen e

atenden a nenos, nenas e adolescentes en situación de desamparo, ofrecéndolles un entorno seguro cando non poden permanecer coas súas familias. Pola contra, segundo o Decreto 329/2005, os centros de reeducación son establecementos destinados a persoas mozas privadas de liberdade por cometer unha infracción penal, onde reciben apoio educativo, psicolóxico e terapéutico para a súa reinserción.

Confundir estes dous conceptos contribúe a estigmatizar a infancia tuteleda, que xa afronta suficientes desafíos. A información rigurosa e contrastada é clave para evitar prexuizos e garantir unha visión xusta e realista da protección á infancia.

O NOSO CANTO

Un proxecto da Xunta de Galicia que promove a igualdade de xénero a través da música e a expresión artística. A iniciativa busca sensibilizar á sociedade, especialmente á mocidade, sobre a importancia do respecto, a diversidade e a eliminación de estereotipos de xénero, utilizando a música como ferramenta de transformación social.



Mulleres de Compostela

Acto organizado polo Concello de Santiago de Compostela no que búscase poñer en valor o papel das mulleres na sociedade, recoñecendo a súa contribución en diversos ámbitos, e reforzar o compromiso coa xustiza social e a equidade de xénero.

Mulleres liderando o cambio

A través de testemuñas e experiencias, o concello de A Coruña decide promover refetentes femininos e novas oportunidades para o cambio social.



O noso traballo



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE IGUALDAD



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE



CORRESPONSABLES

RESPIRO INFANTIL

Albergue Xuvenil "Gandarío"

Respiros de Fin de Semana Infantil é un proxecto pensado para ofrecer un descanso ás familias acolledoras, ao tempo que os nenos e nenas disfrutan dunha experiencia enriquecedora nun campamento de fin de semana. Acompañados por persoal técnico e voluntariado da asociación, os pequenos participan en actividades que combinan

ocio, convivencia e aprendizaxe nun ambiente seguro e estimulante.

Nesta ocasión, viaxamos a Bergondo, onde ademais de compartir momentos de diversión e aventura, reflexionamos sobre un tema clave: as mulleres no deporte. A través de xogos, dinámicas e conversas, descubrimos historias de superación e liderado feminino, fomentando valores como a igualdade, o esforzo e a resiliencia. Unha fin de semana inesquecible para seguir medrando xunt@s!

O noso traballo



difusión

do acollemento

ONG POR QUÉ NON?

Este mes, da man da ONG Por qué non?, tivemos a oportunidade de organizar unha charla para falar sobre o acollemento familiar e a realidade dos nenos, nenas e adolescentes do sistema de protección. Desde ACOUGO, Asociación Galega de Familias de Acolida, cremos que é fundamental xerar estes espazos de debate e concienciación, onde poidamos dar voz ás súas necesidades e reivindicar os seus dereitos.

Colaborar con outras entidades que comparten valores sociais é esencial para poñer en valor os temas que realmente importan. A misión de Por qué non? baséase na creación dunha sociedade máis xusta, sostible e igualitaria, libre de marxinación e discriminación, onde todas as persoas teñan as mesmas oportunidades. Compartimos esa visión e seguimos traballando conxuntamente para mellorar a vida das crianzas e adolescentes en situación de vulnerabilidade.





ACOUGO XOVE e...

a Secretaría de Estado de Xuventude e Infancia

O encontro con secretario de Estado de Mocidade e Infancia, Ruben Pérez Correa, supón un paso fundamental na creación de espazos de escoita activa para a mocidade. Esta reunión foi unha oportunidade clave para que algunhas persoas xoves da asociación compartisen, en primeira persoa, as súas preocupacións e necesidades reais en ámbitos como educación, vivenda, emprego e saúde mental, sempre tendo en conta a mirada dende o sistema de protección da infancia, e unha cuestión fundamental: a infancia migrante non acompañada, unha mirada dende o mesmo dereito a medrar en familia, novos xeitos de intervir e sensibilizar, importante abordaxe...

Tamén reivindicaron o seu papel como irmás e irmáns de acollida, como parte do Sistema de Protección e tamén con dereito a ser escoitadas e atendidas nas súas necesidades e propostas.

Escoitalos non é só un xesto simbólico, senón o primeiro paso para transformar políticas e accións que garantan un futuro máis xusto e accesible para todas as persoas. Dende Acougo seguimos apostando por darlles voz e traballar para que as súas demandas se convertan en solucións reais.

O noso traballo

A arte da creatividade...

encontros entre irmáns

Os encontros entre irmáns son fundamentais para fortalecer os seus lazos afectivos e promover o seu benestar emocional. Estas reunións permítenlles compartir experiencias e manter a súa identidade.

Incorporar actividades lúdicas e artísticas nestes encontros é especialmente beneficioso. A arte, en todas as súas formas, xoga un papel esencial no desenvolvemento infantil. Participar en actividades creativas, como pintar lenzos, non só estimula a imaxinación e a autoexpresión, senón que tamén mellora as habilidades motoras finas e aumenta a autoestima. Segundo a organización Educo, o arte impulsa a creatividade, fomenta a comunicación e axuda ás crianzas a formar o seu propio criterio (educu.org).

Así mesmo, a Fundación Compartamos destaca que as actividades artísticas fortalecen a confianza en si mesmas e promoven a autoexpresión nas crianzas (fundacioncompartamos.org.mx).





O noso traballo

ocio entre iguais

As actividades de lecer entre iguais son esenciais para favorecer a inclusión e o benestar emocional dos nenos, nenas e adolescentes do sistema de protección. Estes encontros permiten que compartan experiencias, creen lazos e se relacionen en espazos seguros e enriquecedores, independentemente da medida de protección na que se atopen.

Nesta ocasión, tivemos a oportunidade de visitar un refuxio de animais, unha experiencia única onde aprenderon sobre o coidado e o respecto polos animais, fomentando valores como a responsabilidade e a empatía. Estas actividades non só lles proporcionan momentos de diversión, senón que tamén lles axudan a reforzar a súa autoestima e a crear vínculos positivos con outros nenos e nenas que comparten realidades semellantes.

Seguimos apostando por espazos de encontro que promovan a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento persoal a través do lecer e da aprendizaxe en comunidade.

Próximas actividades

INFANCIA PROTEXIDA,
FUTURO EN FAMILIA

**ABRIL
30
2025**

GARDA A DATA

IFEVI (Instituto Ferial
de Vigo)

**UN CURSO EN FAMILIA
FAMILIAS REFERENTES**



PROGRAMA DO EVENTO

- 09:30 - 10:00 | Recepción e acreditacións.
- 10:00 - 10:30 | Apertura institucional.
- 10:30 - 11:30 | Relatoria da Dra. Anabel González (Psiquiatra experta en trauma e apego).
- 11:30 - 12:00 | Pausa - Café.
- 12:00 - 13:30 | Presentación do estudo de investigación sobre o programa "Un Curso en Familia" - Grupo UNDERISK.
- 13:30 - 14:00 | Presentación do programa "Familias Referentes".
- 14:00 | Peche do evento.

INFANCIA PROTEXIDA, FUTURO EN FAMILIA

DA INSTITUCIÓN Á VIDA EN FAMILIA



formulario inscripción



30 abril



IFEVI (instituto ferial de vigo)

1. PRESENTACIÓN

A administración autonómica ten a responsabilidade segundo a lei 26/2015 de garantir que nenas, nenos e adolescentes medren prioritariamente nunha familia, para iso a medida do acollemento familiar é a máis importante e a primeira segundo esta lei.

O evento “Infancia Protexida, Futuro en Familia “ nace co obxectivo de presentar alternativas flexibles e adecuadas ás necesidades reais dos nenos, nenas e adolescentes do sistema de protección como o programa “Un Curso en Familia” ou “Familias Referentes”, iniciativas que buscan unha alternativa á institucionalización e a oportunidade de vivir unha experiencia en familia que aumente a súa rede de apoio, favorecendo o seu desenvolvemento emocional e social.

Presentarase un informe de investigación relacionado co programa, no que podemos observar as distintas opinións sobre a medida do acollemento familiar, que para a maioría das persoas participantes nesta investigación era descoñecida ata este momento. E as distintas visións da medida en función do xénero.



PRESENTACIÓN DA USC: PERCEPCIÓN DA SOCIEDADE GALEGA

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) presentará os resultados dun estudo que recolle a percepción da sociedade galega sobre o acollemento familiar en xeral e o programa “Un Curso en Familia” en particular. Este estudo busca coñecer como a comunidade ve a iniciativa, os seus beneficios potenciais e a recepción das familias e das administracións públicas. Os datos proporcionarán unha visión importante sobre o contexto social e o apoio que este tipo de programas recibe en Galicia. Destácase neste estudo, os datos extraídos e a diferenza desta percepción en función do xénero.



ASEAF: ASOCIACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE ACOLLEMENTO FAMILIAR DE ESPAÑA

O evento tamén contará coa participación de ASEAF, a Asociación de Asociacións de Familias de Acolida de España da que ACOUQO xunto con outras 23 asociacións forma parte, e que conta con 2.000 familias de acolida e 1.800 persoas interesadas no acollemento familiar. ASEAF como a representación das distintas asociacións promove o benestar dos nenos, nenas e adolescentes do sistema de protección independentemente da medida na que se atopen, a sensibilización sobre a acolida e o apoio ás familias acolledoras. ASEAF será a chave no respaldo e na difusión do programa, sendo un aliado estratéxico para a súa implementación e desenvolvemento.





1

Moitas grazas pola túa
colaboración e apoio á
entidade.

contáctanos

Rúa Manuel María, 6
CP: 15705
Santiago de Compostela
+34 622 672 188
[@acougo.gal](mailto:info@acougo.gal)
info@acougo.gal
www.acougo.gal